



Concello de Maside

Expediente núm.: 354/2023

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Maside, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

Obra/servizo subvencionado: Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello de Maside, de un (1) peón-condutor para a obra / servizo “Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023”, cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0182 do 13.06.2023 e posteriormente publicadas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web deste Concello o 20.06.2023.

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións ou alegacións, de acordo co disposto nas devanditas bases de selección,

RESOLVO

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada por Hector Prado González sobre acreditación do ingreso da taxa (artigos 3 e 5 das bases de selección),

“Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.”

“A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente (artigo 3º), determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas”

Segundo.- Elevar a definitivas as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ó proceso selectivo do seguinte modo:





Concello de Maside

LISTA DE ADMITIDOS/AS

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA
1	DOS SANTOS FERREIRA RUI	***0278**	NON
2	GOMEZ BORJA MARINA	***3016**	SÍ
3	IGLESIAS GONZALEZ DIEGO	***3628**	SÍ

LISTA DE EXCLUÍDOS/AS

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	MOTIVO
1	PRADO GONZALEZ HECTOR	***4999**	SÍ	Non cumprir o requisito do artigo 5

Terceiro.- O tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Tribunal titular:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, secretario – interventor do Concello de Maside

Secretario: Antonio Rodríguez Gómez, administrativo do Concello de Maside

Vogais: Óscar González Fernández, arquitecto técnico do Concello de Maside

Jesús Vázquez Domínguez, operario de servizos múltiples do Concello de Maside

José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello O Pereiro de Aguiar





Concello de Maside

Tribunal suplente:

Presidente: Yolanda Rodriguez Requejo, educadora social do Concello de Maside

Secretario: Rosa María Latorre Dominguez, psicóloga do Concello de Maside

Vogais: Andrés Pérez Mosquera, auxiliar administrativo do Concello de Maside

Mercedes Gómez Fernández, traballadora social do Concello de Maside

María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Cuarto.- O vindeiro 07.07.2023, ás 08:30 horas, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas e valoración de méritos das devanditas prazas, na Casa do Concello, Praza Maior 1, 32570 – Maside (Ourense).

Quinto.- O vindeiro **07.07.2023, ás 08:45 horas**, na Casa do Concello, para a realización das seguintes probas:

- Ás 08:45 horas para a realización da proba de galego daquelas aspirantes non exentos
- Ás 09:30 horas para a realización da proba de coñecemento
- Ás 11:00 horas para a realización da proba práctica dirixida a constatar o grado de coñecemento no manexo, mecánica e mantemento do vehículo todoterreo

Sexto.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución de relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios deste concello, na sede electrónica





Concello de Maside

[<https://maside.sedelectronica.gal>] e na páxina web (<https://concellodemaside.gal>)

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Así o acorda o Alcalde, José Manuel Iglesias Araujo, en Maside; do que como secretario – interventor dou fe dos actos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde
José Manuel Iglesias Araujo

O secretario – interventor
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Cod. Validación: AW0X6ALEFHJGSNRWPPSMD3Y4Q
Corrección: <https://maside.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

